

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 692/2018

Memoria Justificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

Data de iniciación: 12/09/2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Obxecto do contrato.

O obxectivo principal das actuacións sinaladas na presente memoria, consisten no subministro e instalación dunha estrutura fixa en truss que sirva de soporte tanto para a colocación da cámara negra como para a instalación de varas electrificadas material led no Auditorio do Centro Social. Tamén se propoñen pequenas actuacións de mellora en equipamentos e instalacións do escenario do Auditorio, que dotarán de calidade ao espazo e permitirán unha mellora nas representacións escénicas.

O Concello de Mondariz é un concello principalmente rural, interior, que conta na actualidade con 4.548 habitantes, e cunha poboación envellecida e dispersa. É un

concello que se enfronta a unha perda sostida de poboación, co consecuente risco de desruralización e abandono do medio.

2. Descrición da situación actual

A edificación do Centro Social, con planta en forma de "L" e con frente a dúas rúas, conta con tres plantas. Na planta soto sitúanse o almacén, o arquivo e os cuartos de instalacións. Na planta baixa é onde se sitúa o Auditorio, pero conta ademais con vestíbulo e conserxería, cunha cafetería e con aseos de planta. Na planta alta, sitúanse as aulas-taller, a sala de exposicións, oficinas, despachos, e aseos.

No Auditorio realízanse todo tipo de actividades culturais e sociais. De feito, é o único espazo destas características existente en todo o ámbito municipal.

A superficie útil adicada a Auditorio é duns 200m², dos que uns 63m² se corresponden co escenario. O patio de butacas conta con 176 prazas sentadas.

3. Marco normativo

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Proxecto de Ordenación do Medio Rural de Mondariz, aprobado definitivamente polo pleno do Concello en sesión de 26 de febreiro de 1.999.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, con entrada en vigor o 19 de marzo de 2016.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, sobre Ordenación da edificación.
- Real Decreto 556/89, do 19 de maio, de Medidas mínimas de accesibilidade nos edificios.



Concello de Mondariz

- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE).
- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo R.D. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Análise Económica a. Financiamento.

O Secretario Xeral de Cultura en data 13 de xuño de 2018 adoptou un acordo polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro da Orde de 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, por importe de 14.355,72 € para realización da actuación "Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social" cun orzamento total de 51.029,25 €.

Mediante Resolución de Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de 18 xullo de 2018 se concede unha subvención ó Concello de Mondariz no PLAN CONCELLOS 2018/2019 LIÑA 1(INVESTIMENTOS) con destino ó financiamento da achega municipal do investimento en "Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social" por importe de 36.673,53 € para a anualidade de 2018.

b. Valor Estimado

Valor estimado (sen IVE):	42.172,94 €
---------------------------	-------------

c. Orzamento base de licitación

Límite máximo de gasto, incluído IVE:

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 42.172,94 €

IVE (21 %): 8.856,31 €

Total con IVE: 51.029,25 €

d. Prezo

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

e. Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2018	231.62301	51.029,25 €



Concello de Mondariz

As actuacións contan coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á subvención do Plan Concellos 2018 Liña 1 (investimentos), que concedeu a axuda arriba indicada así como coa participación da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura) con cargo á subvención concedida ó abeiro da Orde de 5 de decembro de 2017 para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, arriba indicada.

Polo que para a anualidade 2018, o crédito dispoñible será de 51.029,25 euros, financiado con cargo á aplicación orzamentaria: 231.62301.

f. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente actuación non afectará á estabilidade orzamentaria debido a que está financiada na súa totalidade por ingresos afectados procedentes de outras administración (Deputación Provincial de Pontevedra e Consellería de Cultura).

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que a mesma é posible xa que non estamos ante instalación de nova creación se non ante a reorganización, optimización e mellora dunha edificación xa existente polo que o seu mantemento xa estaba previsto no orzamento municipal.

5. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Se prevé a utilización do procedemento administrativo aberto e a súa tramitación urgente.

Tendo en conta os prazos para executar o investimento e xustificar as subvencións concedidas establecidos polas bases reguladoras das mesmas e atendendo á memoria explicativa e valorada aprobada por Decreto de Alcaldía nº 312 de 21 de xuño de 2018 e de acordo co artigo 119 da LCSP resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interés público.

De conformidade co establecido no punto 3 da Disposición Adicional décimo quinta da LCSP, para a licitación do presente contrato non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que a mesma require de equipos ofimáticos especializados dos que neste intre non dispón o órgano de contratación sendo inviable realizar unha licitación electrónica con todas as garantías esixidas pola LCSP por non poder asegurarse- mediante os devanditos medios telemáticos- o segredo do contido das mesmas ata a data de apertura.

Así mesmo, non é posible demorar a contratación sen prexudicar o interese xeral, dado o prazo para a xustificación da subvención que financia estas obras.

Por todo o anterior, a presentación de ofertas e solicitudes de participación nesta licitación será de forma manual e non a través de medios electrónicos.

b. Cualificación do contrato

O presente contrato se configura como un contrato mixto de obras e suministro de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, polo que a adxudicación do presente contrato se rexirá polas normas aplicables ós contratos de suministro atendendo ó carácter da prestación principal.

c. Análise de execución por lotes

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto, o feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico tal e como sinala o técnico municipal no seu informe de data 13 de setembro de 2018.

d. Duración



Concello de Mondariz

O lugar de entrega será no propio Auditorio do Centro Social, sito na rúa Miguel Ángel Blanco esquina rúa Ramón y Cajal, en Mondariz.

O prazo máximo de entrega será como máximo o 30 de setembro de 2018 de acordo coa memoria valorada. Sen embargo, ó tratarse dun investimento financiado con cargo á subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra e pola Consellería de Cultura e ter que estar xustificada antes do 30/10/2019, o **adxudicatario deberá comprometerse a ter instalado o suministro antes do día 20/10/2019 (prazo máximo de entrega).**

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para execución do contrato no prazo contractual.

A duración do contrato contarase a partir do día seguinte ao da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

e. Responsable do contrato.

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o técnico municipal, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan (art. 62.1.2 LCSP).

f. Órgano de contratación.

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde en virtude da DA2ªda LCSP.

6. Publicidade.

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

En Mondariz a 13 de setembro de 2018.

O ALCALDE (asinado electrónicamente).

